

ACTA DA XUNTA EXTRAORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 15 DE XULLO DE 2020

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecano

Adolfo Fernández Fernández

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Presedo Garazo, Antonio

Estudantes

Casanova Cudeiro, Manuel

Ferreiro Calvo, Mireya

Lozano Ramírez, Amado Tierra

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Como consecuencia da situación xerada pola Covid-19, a xunta de facultade realízase por correo habilitándose o enderezo sfho@uvigo.es para a recepción de todas as suxestións que os membros queiran realizar e para proceder ás votacións. Participan na xuntanza os membros que figuran á marxe, o mércores 15 de xullo de 2020, ás 11.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar o seguinte punto da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao en Xeografía e Historia para o curso 2020/2021

1. Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao en Xeografía e Historia para o curso 2020/2021

Transcorrido o tempo dos posibles comentarios, aos puntos incluídos nesta convocatoria, a decana remite por correo electrónico unha proposta de acordo que será aprobado por asentimento se ninguén indica nada en contra. De xeito resumido, este é o procedemento que seguiron as guías docentes antes da aprobación nesta Xunta:

A Coordinadora de grao, Beatriz Vaquero, remitiu en tempo e forma o aviso de que a plataforma de DocNet estaba aberta. Enviou tamén a todo o profesorado unha serie de explicacións sobre as novidades incorporadas por motivo da covid-19 e subministró posibles incorporacións que facilitaban a comprensión e uniformidade das guías do Grao en Xeografía e Historia.

Unha vez supervisadas as guías polo profesorado responsable, remitíronse á Coordinadora, quen as supervisou e, no caso de ser preciso, reenviou de novo a persoa responsable, coas necesarias correccións.

Hai dous días, recibidas e supervisadas tras os últimos cambios, a Coordinadora de grao remitiu o enlace con todas as guías docentes ao profesorado. Onte foron validadas pola Comisión de Calidade.

Tras este rigoroso proceso, propónse a aprobación das guías docentes do Grao en Xeografía e Historia para o cursos 20/21, e igual que onte, na Comisión de Calidade, queremos que conste en acta o agradecemento a Beatriz Vaquero, cuxa labor este ano resultou bastante mais complicada que de ordinario dado a situación de imprecisión que vivimos non só no presente, senón tamén respecto ao vindeiro curso.

Para a vindeira semana, a decana indica que se realizará unha Xunta de Facultade ordinaria cos asuntos pendentes de aprobar.

Todos os votos remitidos por correo electrónico polas persoas que figuran como asistentes nesta convocatoria foron positivos. Non se presentaron alegacións á proposta formulada pola decana.

Apróbanse as guías docentes por asentimento.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.00 h do día 15 de xullo de 2020, da que eu como secretaria, dou fe co visto e praxe da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

A secretaria
Asinado dixitalmente
Josefina Cadilla Lomba